

T Á B O A

■ **Galiza**

Merexo non se vende. Galiza tampouco

Falamos con representantes do SLG en Muxía, na Costa da Morte, onde a Xunta plantexa a expropiación de terreos para a ampliación da multinacional Stolt Sea Farm. Como en tempos do Prestige, o vindeiro 17 de febreiro o pobo galego botarémonos á rúa na defensa da nosa Terra.

Páx. 2

■ Sector Leiteiro

O SLG reuniuse con representantes de Lácteos Monteverde

En xaneiro deste ano e sen previo aviso, a empresa Kaiku comezou a efectuar a recollida d@s produtores/as que entregaban o leite a Lácteos Monteverde. A partir de entón aplicóuselles un desconto de 0,15 € por litro. O SLG púxose a disposición de tódalas explotacións afectadas para acadar a resolución do conflito. **Pág. 8**

Páx. 8

■ Aldea Global

Mobilizacións en Madrid en apoio ós sectores gandeiros

O incremento nos custos de produción está a provoca-lo peche de numerosas explotacións en todo o Estado nos últimos meses. Máis de 10.000 persoas demandaron en Madrid as medidas políticas necesarias para frear esta crise. **Pág. 11**

Páx. 11



**sindicato
labrego galego
comisións labregas**

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

O SLG esixe a revisión do Contrato de Explotación Sustentábel

■ As cuantías establecidas haberán de estar destinadas prioritariamente a persoas que viven da actividade agraria. A axuda non debe ir destinada a pagar servizos privados que deberan ser públicos.

■ As explotacións de horta e viñedo, así coma as pequenas explotacións, quedan fóra do contrato ao contemplar este axundadas en función de superficie e cabezas, e non en función de labregas/os **Pág.7**

Páx.7



Lidia Senra abriu o debate sobor da creación do Foro Social Galego

■ O pasado 26 de xaneiro case un cento de organizacións reuníronse en Santiago de Compostela co gallo do Día de Acción Mundial convocado polo Foro Social Mundial. Neste encontro foi tomando

forma o Foro Social Galego, co que Galiza se posiciona na contra das actuais sinerxias imperialistas dun sistema que incrementa cada día máis as desigualdades entre os pobos do mundo. **Pág. 5**

Páx. 5



■ O 60% das afectadas pola reforma da Seguridade Social Agraria son mulleres.

■ Incrementos de ata 384 euros anuais dificultarán a sostenibilidade das explotacións. **Pág.6**

Páx.6





Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez

Colaboracións:

Sandra
Varela, Carme Freire, Eva
Pereira, Isabel Vilalba, Xosé
Pérez Rei e Charo Sánchez
Parga.

Deseño e maquetación:

Xosé García e Vera Montoto

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO**

COMISIÓNS
LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177

MUXÍA - Antiga autoescuela Quintáns

CARBALLO

Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169

SANTA COMBA

Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909

ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS

Praza da Constitución nº 4, 1º.

Tlf: 981 773377

SARRIA

Rúa Nova 60, entrecán. 939 274186

SAN SADURNIÑO - 981 490430

Lugar de Outeiro s/n

AS PONTES - Rúa Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical

Tel. 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

Teléfono: 630 970 131

O CARBALLIÑO, Casa sindical

Teléfono: 630 970 131

VERÍN

Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga

Tlf. 988 590438; Fax 988 590439

RIBADAVIA

CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230

Fax. 988477230

XINZO

Casa Sindical Tlf. 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical

Teléfono 699 924 634

LUGO

Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tlf. 982 231154

MONFORTE

Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005

CHANTADA

Praza do Concello, baixos AISS

Tlf/Fax: 982 462103

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS

Tlf/Fax. 982 130615

LOURENZÁ

Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tlf. 982 512431

A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º

Tlf/Fax 986 573232

MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño

Entrecán E. Tlf/Fax: 986792268. **LALÍN** -

Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 792 268

SILLEDA - Avenida do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580526

TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13, 1º

esq / Tlfno. 981 789 781

PONTEAREAS

R/ Dos Amieiros, portal 1ºA, 1ºC.

986 641508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edf.

Rosales. Tlf. 986 625 3940 **SALNÉS**

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tlf. 986 711825

VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.

Tlfno. 629 621 047

A FONSGRADA Rúa da Fonte, nº3,

baixo. Tlf. 982 350 080



Galiza non se vende

Cos recursos naturais do noso País en risco, a cidadanía galega érguese para berra-la súa resposta

A Plataforma Galiza Non se Vende constitúe unha iniciativa da organización civil galega perante das ameazas contra o noso litoral. Aunando esforzos a prol da defensa da nosa terra, Galiza Non se Vende agrupa un feixe

de situacións caracterizadas por confronta-lo valor que para as galegas e galegos ten o noso País co valor de taxación que lle están a descubrir certas empresas privadas. Achegámonos ó caso de Merexo, en Muxía.



En Merexo, na Costa da Morte, a multinacional Stolt Sea Farm quere amplia-la súa planta a 270.000 m²

Froito da entrada en vigor da nova **Lei do Solo**, o meirande dos concellos galegos presentaron ou están en proceso de elaboración dos seus novos planos de ordenación urbana, prevíndose a construción de **300.000 novas vivendas na próxima década**, un 75% máis cás actuais, case todas na costa.

Están previstos tamén **17 campos de golf e 24 novos portos deportivos**. Galiza pasaría de ter 816.000 vivendas na costa a 1,4 millóns en dez anos, sendo o 60% segunda vivenda destinada aos mercados estatais e europeos. **Galiza Non se Vende** aposta por:

■ Unha cultura da sustentabilidade territorial.

■ Unha estratexia de xestión integrada do litoral.

■ Aplicar o amplo abano de figuras de protección ambiental

■ Produción limpa nas industrias e definición clara do seu emprazamento atendendo ao Principio de Precaución.

■ Cambios no modelo de desenvolvemento do litoral.

GALIZA NON SE VENDE



MANIFESTACIÓN

contra a destrución do territorio.
Domingo 17 de febreiro 2008
Santiago de Compostela
Saída dende a Alameda ás 12h.

Marbellización do litoral, recheos e contaminación das rías, degradación dos ríos, plan acuícola devastador, plan portos deportivos, plan eólico desmesurado, plan da minaría, destrución do Courel, urbanismo salvaxe, industrias perigosas (Reganosa, Ence, Parque Residuos no Ribeiro e tantas outras), modelo de transporte e mobilidade insostible, especulación, destrución do medio rural, dos espazos protexidos, e do patrimonio cultural

Dorita Simil, Benito Pose, María Valdivieso e Tino Gándara, veciñ@s de Merexo

“A planta da Stolt Sea Farm é coma o Prestige, pero vai quedar aí para sempre”

Uns días antes da manifestación do 17 de febreiro, falamos con Dorita Simil, Benito Pose, María Valdivieso e Tino Gándara. Son veciños e veciñas dunha parroquia do concello de Muxía. Dende hai décadas, case dúas hectáreas de piscifactoría forman parte da paixase desta aldea da Costa da Morte. Amparándose no Plan Galego de Acuicultura, a Xunta pretende agora a expropiación a prezos de saldo de terreos agrícolas e urbanizábeis para ampliar a planta de rodaballo Prodemar a 270.000 m² de cemento e barracóns.

■ Cando se enteraron da posíbel ampliación da piscifactoría de Stolt Sea Farm?

Foi xusto despois das eleccións municipais. Temos constanza de que anteriormente había un plan do PP que baraxaba unha ampliación a 119.000 m², pero non saíu á luz.

■ Como adquirirá STOLT SEA FARM os terreos necesarios pra ampliación da súa planta?

Expropiando, se @s veciñ@s quixeran vender sería outra cousa... É un atraco moi grande, a Xunta expropiando para unha multinacional...

É que entón nós non somos donos nin donas das nosas terras. Para que queremos as terras se non son nosas? Son terreos agrícolas ben coidados. Nesta esta zona estase apostando forte polo cultivo e venda de cebola. Mesmo se podería chegar a ter unha pequena cooperativa.

Tampouco valoran que ti teñas un terreo para o autoconsumo, para tí significa moito, pero para eles non é nada.

■ Alomenos esta ampliación suporá postos de traballo para Merexo...

Nós pensamos que nos están enganando. Din que van crear un montón de postos de traballo, pero a meirande parte das labours fannas as máquinas.



Dorita Simil Cernil e Benito Pose, da Dirección Nacional do SLG en Muxía

En Merexo hai unhas corenta persoas traballando, porque é todo a man, é vella. En Camariñas hai dezasete persoas e produce tres ou catro veces máis, é moito máis moderna.

■ Pero estes terreos están dentro da Rede Natura, non si?

Pero agora semella que a Rede Natura inclúe piscifactorías e inclúe de todo. Abarca moito máis que antes, noutro significaba “o natural”, agora significa “calquera cousa”.

Nós temos que conserva-lo entorno, e eles veñen e poden facer o que queiran.

E nós temos que agacha-la cabeza e inda por riba calar a boca? Pois non, polo menos mentras teñamos voz a boca non a imos calar.

Por outra banda, eiquí hai terreo que é edificable, pero se lle fan esa explanada de cemento diante quen vai querer edificar? A piscifactoría vai levar unha alambrada todo ó redor, de tres metros de alto.

■ E a contaminación?

Hai ameixa, hai berberecho, hai mexilón... Inda que propiamente non estivéramos defendendo o terreo agrícola, ti tes unha casa aí e ves que toda esa merda vai

ir á ría.

Se non contaminara non terían modificado a saída da auga residual da planta de Camariñas, que de non facelo así mezclábaselle coa auga deles.

Nós cremos que Stolt Sea Farm é como outro Prestige, só que o Prestige limpouse, desapareceu e xa está, e a Stolt Sea Farmer “bótase aí” e adícase a contaminar por toda a costa.

■ Nestes meses está habendo tamén mobilizacións noutras vilas afectadas...

Como Sindicato Labrego Galego fumos a Camelle, a Malpica... e estamos indo a

tódolos lados. Isto é algo que hai que berrar porque se non o berras... Polo menos que nos oian, que parece que estamos nos tempos de Franco.

■ Cales son os argumentos proporcionados polos gobernos?

A Xunta fala dos postos de traballo.

Félix Porto, alcalde de Muxía, inicialmente íase empregar a trescentas persoas, agora xa fala dalgo menos de cen.

Nós xa sentimos falar que en Merexo había setenta postos de traballo apuntados. Claro, eles fan a conta: setenta postos de traballo, a tres votos por persoa... Fanlle conta ós votos

A xente de fóra pensa que estamos tolos, porque vai crear postos de traballo, pero ós de aquí non nos poden enganar, estallles mentindo para que non apoiem ós de Merexo, ou ós de Malpica ou ós de Camelle.

■ Que lugar ocupades nas plataformas Merexo Non se Vende e Galiza Non se Vende?

Nós apoiamos á Plataforma Merexo Non se Vende pero somos independentes.

Supoñemos que o resto de iniciativas incluídas en Galiza Non se Vende terán cada unha as súas características.

O vindeiro dezasete de febreiro estaremos en Compostela.

A Stolt Sea Farm é unha multinacional de orixe noruega que leva sendo líder mundial na produción de peixe plano dende hai quince anos. Velaí os seus datos:

■ Sede principal: Parroquia de Lira (Carnota), A Coruña.

■ Producción anual: 4.000 toneladas de rodaballo, 50 toneladas de linguado, 300 toneladas de esturión e 10 toneladas de caviar.

■ Ingresos: máis de 42 millóns de euros.

A Stolt Sea Farm en cifras

■ Postos de traballo: 300. Repartidos nas plantas de Galiza, Portugal, Francia, Noruega e EEUU.

■ Stolt Sea Farm representa o 4% grupo armador Stolt-Nielsen S.A., multinacional luxemburguesa, con sede central en Rotterdam (Holanda).

■ Conforme á súa política de diversificación, Stolt

negocio realízase fóra do Estado español, sendo os principais mercados de destino Francia, Italia, Portugal, Países Nórdicos, Inglaterra e Suiza.

■ A súa marca na produción de rodaballo, Prodemar, lidera o mercado mundial de peixes planos.

Sea Farm trasladouse do Reino Unido á Galiza na década dos 80.

■ Máis do 40 % da cifra de negocio realízase fóra do Estado español, sendo os principais mercados de destino Francia, Italia, Portugal, Países Nórdicos, Inglaterra e Suiza.

Datos extraídos da web: www.stoltseafarm.com

Editorial

UN CONTRATO SOCIAL, RETO PARA O NOSO PAÍS: O CONTRATO DE EXPLOTACIÓN SUSTENTÁBEL

O longo da historia, na sociedade, vanse plantexando situacións e problemas que nos obrigan a pararnos a pensar colectivamente e construír apostas, así como a plantexarllas aos nosos gobernos, próximos ou lonxanos.

Na sociedade galega, neste momento da historia, algunhas organizacións e persoas pensamos que temos o reto de construír, e por tanto tamén de demandar, solucións a unha serie de problemas xenerados por unha política neoliberal, concretada no plano agrario na POLÍTICA AGRARIA COMÚN (P.A.C.), que vai moito máis alá de afectarnos aos labregos e labregas só. Vexamos:

En termos sociais temos xa aberta e consolidándose a brecha costa-interior, cidades/pobos – aldeas que nos está creando graves desequilibrios non só no territorio, senón tamén nos servizos, nos orzamentos,...no máis profundo das nosas familias...

En termos ambientais e paisaxísticos imos por camiños xa percorridos nos países “máis modernos” que se están tratando de desandar nestes, e

que mesmo aquí están posibilitando a interiorización dun desenvolvemento sostido na máis carraxenta “vendetta” da nosa TERRA ás multinacionais.

En termos culturais, no máis amplo entendemento da cultura, temos, cando menos, dúbidas de cómo salvar/recuperar a nosa autoestima, unha parte moi importante dos nosos adentros: a cultura rural...a cultura que non ten prezo porque non se comercializa, porque nos pertence como pobo.

En termos económicos, sempre en función dos beneficios da economía de mercado – a da banca, á bolsa, ás industrias, á construción...- e non en función dos beneficios da economía das persoas, cada vez somos unha bolsa maior de xente que dependemos no máis básico, o poder comer e o ter un teito, deses entes “do mercado”.

Todas estas reflexións veñen a conto dunha cuestión, dun reto, que nestes tempos estamos debatindo no Sindicato Labrego Galego e que queremos que chegue á sociedade galega

no seu conxunto e por tanto tamén aos nosos gobernantes: O CONTRATO DE EXPLOTACIÓN SUSTENTABLE.

Un contrato que nós apostamos porque sexa un CONTRATO SOCIAL, para invertir cos nosos impostos noutra política:

Que valore a nosa aportación á sociedade en termos de equilibrio territorial, ocupando /recuperando o espazo rural para vivir, traballar e producir alimentos sans para que toda a cidadanía poda alimentarse a diario.

Que valore esa ocupación como o garante dunha paisaxe, dunha cultura, dun coidado da terra e dos nosos recursos... e tamén dunha economía a escala humana para o beneficio das persoas.

Un contrato que pola parte que nos toca e pola parte que a sociedade nos demanda estamos dispostos non só a cumprir, senón tamén a demandar.

Un contrato, que como ferramenta política consideramos un reto decisivo, nestes momentos da historia do noso país.

GALIZA CO FORO SOCIAL MUNDIAL



O SLG foi unha das organizacións convocantes do FSM-GALIZA celebrado en Compostela

O 26 de xaneiro do 2008 pasará á historia por se-la data da creación do Foro Social Mundial na Galiza. Deste xeito, a nosa Terra posiciónase na contra das inxustizas e desigualdades que

conleva o sistema capitalista alineándose canda milleiros de lugares do planeta baixo a bandeira do FSM. Lidia Senra, Secretaria de Organización do SLG foi a encargada de

abri-lo debate da Asamblea de Movements Sociais Galegos no que case un cento de organizacións botaron a anda-lo FSMGZ, o Foro Social Galego (FSG).

Por primeira vez ó longo dos seus sete anos de traxectoria, o FSM desenrolou neste 2008 unha convocatoria descentralizada na que se insertaron milleiros de iniciativas en todo o mundo culminando nun Día de Acción Global: o 26 de xaneiro.

Esta data vén dada pola súa simultaneidade co *Foro Económico Mundial* celebrado tódolos anos en Davos (Suiza).

Fai aproximadamente un ano diversas organizacións galegas presentes no Foro Social Mundial comezaron a valorala necesidade de crear un Foro Social na Galiza.

Impulsado inicialmente polo *Seminario Galego de Educación para a Paz*, a *Fundación Galiza Sempre* e *Altermundo*, na Asamblea desenrolada o día 26 participaron case un cento de organizacións, acudiron máis de 180 persoas e rexistráronse

máis de 40 intervencións.

Ademais da Asamblea que debuxou os camiños cara a creación do Foro Social Galego, as organizacións levaron a cabo unha feira na que se deron a coñecer e distribuíron os seus materiais informativos.

Lidia Senra, Secretaria de Organización do SLG, abriu o debate iniciando a súa intervención cun rotundo "son labrega" que globalizou máis que nunca a loita d@s labregas e labregos da Galiza.

Definiu como elemento común das organizacións participantes a súa oposición ás políticas neoliberais, aquelas que "antepoñen os intereses do gran capital e das multinacionais aos dereitos das persoas e dos pobos, esas políticas que destrúen a nosa terra: piscifactorías, autovías, etc (...) que destrúen a nosa cultura alimentaria entregándonos ás grandes distribucións".



Lidia Senra e José Ramón Cendán reafirmaron a necesidade de acadar a soberanía alimentaria

Xosé Ramón Cendán, Coordinador de Relacións Exteriores do Sindicato Labrego, entrevistou na asamblea apostando por verte-

brar o debate arredor da cuestión social e da soberanía alimentaria.

Nese sentido, lembrou que todos aqueles dereitos

da cidadanía –alimentación, vivenda, sanidade, educación...– están a ser privatizados, polo que cómpre frear ese proceso.

Claves para entender que é o Foro Social Mundial

O **Foro Social Mundial** é un espazo de debate democrático de ideas, aforamento da reflexión, formulación de propostas e cambio de experiencias.

Cunha metodoloxía baseada no diálogo e actuación conxunta, movementos sociais, Redes, ONG's e outras organizacións da sociedade civil opoñense ó neoliberalismo e ó dominio do mundo polo capitalismo.

Despois do *primeiro encontro mundial en Porto Alegre no 2001*, configurouse un proceso mundial permanente na procura e construción de alternativas ás políticas neoliberais. No 2000 creouse unha oficina

en São Paulo (Brasil), que apoia e dá soporte ao proceso FSM, ao *Conselho Internacional (CI) do FSM*, ás súas comisións e aos comités organizadores dos eventos anuais do FSM.

Alén de integraren o C. I. e suas comisións, as oito entidades conforman actualmente o chamado *Coletivo Responsável pelo Escritório do FSM no Brasil*. O Comité Organizador do FSM 2001 foi formado por oito entidades brasileiras: Abong, Attac, CBJP, Cives, CUT, Ibase, MST e Rede Social de Justiça e Direitos Humanos.

O Foro Social Mundial réxese pola **Carta de Principios** do FSM, o seu texto principal.

OBXECTIVOS DO FSM

- Contra a globalización neoliberal
- Erradicar a pobreza
- Pola paz e contra o armamentismo
- Pola profunda reforma do sistema de institucións internacionais
- Abolición da débeda externa
- Igualdade real das mulleres
- Sustentabilidade ecolóxica
- Defensa dos recursos naturais
- Soberanía dos pobos
- Agricultura e alimentación fóra da OMC
- Recoñecemento do dereito dos pobos á soberanía alimentaria

UM Outro mundo é POSSÍVEL



ANTECEDENTES

- 1994 Erguemento do Exército Zapatista (México)
- 1999 Manifestacións Seattle (EEUU)

FOROS SOCIAIS MUNDIAIS

- 2001 Porto Alegre (Brasil)
- 2002 Porto Alegre (Brasil)
- 2003 Porto Alegre (Brasil)
- 2004 Mumbai (India)
- 2005 Porto Alegre (Brasil)
- 2006 Foro policéntrico: Bamako (Mali), Caracas (Venezuela) e Karachi (Paquistán)
- 2007 Nairobi (Kenia)
- 2008 Foro descentralizado: 70 países

"Somos millóns de mulleres e homes, organizacións, redes, movementos e sindicatos de todas partes do planeta, aldeas, rexións, nacións, zonas rurais e centros urbanos, de todas as idades, pobos, culturas e crenzas unidas e unidos pola firme convicción de que
OUTRO MUNDO É POSÍBEL*"*

O SLG denuncia o impacto da Reforma Social Agraria nas labregas

O 60% das máis de 47.000 persoas afectadas pola reforma da SS Agraria na Galiza son mulleres

Unha explotación con dúas persoas agrario no réxime especial de dereito a baixa, de alomenos 384,60 que coticen con dereito á baixa terá autónomos. Traducido en cifras, a de que adicar máis de 5.000 euros anuais vandita reforma suporá unha suba por para pagar a Seguridade Social coa persoa, respecto ao ano anterior, para labregos e labregas que coticen con baixa.

Na actualidade, máis de 47.000 persoas serán en Galiza as afectadas pola Lei de Integración do Réxime Agrario por Conta Propia en Autónomos, o sesenta por cento mulleres.

Estes incrementos tan importantes van deixar a moitas persoas sen a posibilidade de ter unha cotización propia, con todo o que isto conleva: imposibilidade de ter cobertura sanitaria, nin cotizacións por unha incapacidade temporal ou definitiva, nin poderán disfrutar da prestación por xubilación...

Co pretexto de que deste xeito mellorarán as prestacións futuras, o Ministerio xustifica unha suba escandalosa, sen ter en conta que moitas economías familiares non poderán soportala.

O Sindicato Labrego Galego sempre defendeu un sistema de cotización que teña en conta os ingresos

das explotacións, así como a necesidade de conseguir prestacións dignas para os e as cotizantes ao réxime agrario.

As mulleres labregas constitúen, novamente, o colectivo que máis sufrirá as repercusións da Reforma do Sistema da Seguridade Social Agraria: algunhas xa están recibindo comunicacións notificando a súa expulsión do sistema agrario por falla de ingresos.

Asemade, as viúvas que obteñan máis cartos pola pensión que pola actividade agraria quedarían tamén sen dereito a cotizar no Sistema Agrario con esta nova Lei.

O Sindicato Labrego Galego advirte tamén que hai un enorme caos nas distintas delegacións da Seguridade Social con informacións distintas dos prazos existentes e mesmo das xestións que os labregos e as



Carme Freire e Isabel Vilalba salientaron as dificultades pra facer fronte á suba

labregas deben facer.

Detrás da reforma hai ademais un enorme afán recadatorio e continúaase no

camión de privatización iniciado no 1998 ao acordar que as prestacións de incapacidade por accidente hai

que concertalas obrigatoriamente coas mutuas privadas, en troques de ser proporcionadas polo Estado.

Admiten a cotización pola Agraria para familiares coidadores

A Secretaría Xeral do Benestar, a petición da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, conseguiu que se admitise a cotización ao Sistema Agrario nas prestacións do Sistema de Atención á Dependencia para familiares coidadores.

A Secretaría das Mulleres fíxose eco da realidade de centos de familias que coidan a persoas dependentes e compaxinan esta tarefa coa actividade agraria. Así, demandou que se impida que unha vez máis estas familias queden sen ningún tipo de axuda, como aconteceu con outro tipo de prestacións que se lles negaban aos familiares

que cotizaban á Seguridade Social.

Segundo o calendario de implantación da Lei de Dependencia, durante o ano 2007, terían acceso aos servizos e prestacións aquelas persoas que fosen valoradas no Grao III, Gran Dependencia, niveis 1 e 2.

É dicir, solicitantes que necesitan do apoio indispensable e continuo dun coidador ou coidadora para o desenvolvemento da vida diaria.

Durante os anos 2008 e 2009, entrarían os casos de Grao II, Dependencia Severa, nivel 2.

Unha vez que as persoas dependentes teñan determinado o grao polos

equipos de valoración da dependencia vencellados á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, acordaríase con cada unha delas un programa individual de atención, no que se expresarán os servizos e as prestacións aos que teñen dereito: servizos de prevención e promoción da autonomía, teleasistencia, axuda no fogar, centro de día e centros residenciais...

No caso de prestacións, poderían acordarse coa persoa usuaria o dereito a axudas para coidados no medio familiar, para asistencia persoal ou para a adquisición de axudas técnicas e a eliminación de barreiras arquitectónicas no fogar.

As medidas reivindicadas polo Sindicato Labrego no sector do kiwi dan o seu froito

No mes de decembro do ano pasado, representantes do SLG e produtores/as de kiwi do Baixo Miño afectad@s polas xeadas do 16 e o 17 de novembro reuníronse con representantes de Medio Rural.

O SLG quere trasladar agora os avances conseguidos nestas xuntanzas, tras coñecermos que no Plan 2008 de Seguros Agrarios Combinados, o prazo de cobertura ampliouse do 30 ao 15 de novembro con respecto ao seguro de danos excepcionais no kiwi. Ademais, os produtores de kiwi disporán dunha cobertura de riscos de xeadas, sara-bia, inundación e garantía de danos excepcionais.

Esta cobertura extenderase dende o xermolar das plantas ata a recolección da froita durante todo o mes de novembro, sendo neste mes cando o kiwi alcanza os niveis óptimos de azucre e materia seca.

Ao mesmo tempo, o Sindicato Labrego continúa traballando na definición de convenios entre as asociacións de produtores de kiwi e a Consellería do Medio Rural.

O noso obxectivo é mellora-la produtividade e a calidade do kiwi nas explotacións agrarias, na formación dos produtor@s, e de cara a potenciar económica e comercialmente este tipo de froita.

A Consellaría acepta negociar aspectos clave do Contrato

As melloras haberán de repercutir nas labregas e labregos que realmente viven da súa explotación

A Consellaría de Medio Rural, despois de remitir o proxecto sobor das axudas a través do Contrato de Explotación Sustentábel, e de considerar alegacións presentadas polo SLG, inicia un proce-

so de negociación para introducir melloras de cara a este ano e cambios de cara ao 2009. Aspectos como a privatización dos servizos, a orientación para explotacións que viven da actividade ou

as axudas ás pequenas explotacións van ser tratados de xeito fundamental neste proceso, recollendo o obxectivo fundamental da sustentabilidade económica, social e medioambiental do noso agro.

Se ben os preceptos de sustentabilidade aparecen recollidos na Orde que a Consellaría aprovou, atopamos tamén condicións que non se corresponden co recollido na exposición de motivos de dito CES.

Porén, agardamos que a Consellaría de Medio Rural, que tivo en conta as aportacións de fondo efectuadas polo Sindicato Labrego Galego, leve a cabo unha mellora no desenvolvemento do documento deste ano e modificacións de cara ao 2009.

Para comezar, dende o SLG consideramos que as axudas establecidas haberán de estar destinadas exclusivamente a persoas que viven da actividade agraria, obtendo dela unha parte importante dos seus ingresos.

É dicir, que non vaian destinadas a persoas que, tendo outras actividades diferentes da agraria, posúan explotacións.

En segundo lugar, que ás/os beneficiari@s de ditas axudas non se lles impoña



Carme Freire e Ana Rodríguez denunciaron a privatización de servizos que están sufrindo labregas e labregos

unha serie de requisitos como ter un Servizo de Aconsellamento, levar unha contabilidade, contar cos servizos dun/ha veterinari@ ou agrónom@ e realizar análíticas de residuos sobor de tódolos produtos.

Implícito no punto ante-

rior, pensamos que é moi grave a privatización á que se está encamiñando ás labregas e labregos, xa que para a percepción destas axudas veranse obrigadas a recorrer a empresas privadas para cubrir estes requisitos técnicos.

O SLG demanda que sexa a Administración Pública quen proporcione todos estes servizos ás labregas e labregos. Asemade, dende o SLG agardamos tamén que a Consellaría de Medio rural habilite medidas para apoiar

ás pequenas explotacións, compromiso que a Consellaría ten manifestado anteriormente, reflectíndose éstas no CES, dada a súa filosofía de "apoio á xestión do territorio", condición que as pequenas explotacións cumpren no caso galego.

O SLG sospeita dunha trama para negar concesións de caudais no regadío da Limia

O Sindicato Labrego Galego sospeita que o estudo hidrolóxico-ambiental da Limia que está a coordinar a Confederación Hidrográfica do Norte en colaboración coa Universidade de Vigo, se estea a realizar dunha forma viciada para contradecir aos informes elaborados pola empresa estatal TRAGSA.

Segundo parece, o estudo vai servir para detectar as alteracións presentes no medio e posteriormente promover medidas de corrección, para dar cumprimento a directiva Marco de Auga

da UE na recuperación de masas fluviais, incluído no Programa A.U.G.A do Ministerio de Medio Ambiente.

É pois de pura demagogia por parte da Confederación Hidrográfica que se inclúa este estudo como prioritario no Programa A.U.G.A do Ministerio de Medio Ambiente, paralizándose logo a concesión de caudais do Plan de Regadío da Limia, recollido no propio Programa A.U.G.A do Ministerio como mellora de infraestruturas

para a mellor xestión e suministro de auga.

O Sindicato Labrego non entende como a propia Confederación Hidrográfica do Norte, ten paralizado os trámites de mellora das infraestruturas de regadío das Comunidades, fundamentais para unha mellor xestión integral do consumo de auga de rega, co que se acadaría un maior aforro e eficiencia no uso da auga nestas zonas, así como unha maior garantía de dispoñibilidade e de calidade no subministro.

Asemade, a mellora nas infraestruturas de regadío contribuiría á preservación e restauración dos ecosistemas fluviais, eliminando de forma paulatina os actuais sistemas de regadío, totalmente obsoletos e sen control, empregados polos labregos e labregas da comarca da Limia.

O Sindicato Labrego Galego considera que este estudo non se está a elaborar de forma correcta, ó facerse ás costas dos mellores coñecedores do medio que son os propios labregos e

labregas que cohabitan coa fauna e flora da Limia.

Existen reservas de auga abundante na propia conca de fácil recarga pola propia pluviometría, non sendo preciso ningún tipo de trasvase doutras concas como existen noutras zonas do Estado – onde se están a conceder caudais sen ningún tipo de impedimento-, polo que non se entende a tardanza dos trámites na concesión de caudais das Comunidades de Regantes da comarca da Limia.

O SLG mediou no conflito polos impagos da empresa leiteira Monteverde

A organización agraria velará para que se cumpra o compromiso acadado de pagar a finais do mes de febreiro

Un terzo d@s afectad@s asistiron o pasado 6 de febreiro á assemblea convocada polo SLG. Nesta xuntanza acordouse confiar na palabra do Conselleiro Delegado e agardar ata finais de febreiro, momento no que a empresa deberá de facer efectivos os pagos retidos así coma os cartos correspondentes á produción de xaneiro. De non ser así, iniciaremos medidas de presión de cara a conseguir cobrar o total da factura ao precio pactado. Queda a posibilidade da denuncia no xulgado, para o que o SLG ofreceu os seus servizos xurídicos aos afectad@s.

Dende primeiros deste mes, explotacións que vendían o seu leite á empresa láctea Monteverde de Castro Ribeiras de Lea (maioritariamente explotacións da Terra Cha luguesa) descubriron, sen previo aviso, que o camión que lles recollía o seu produto pertencía á central KAIKU, a partires de agora encargada de facelas recollidas de Monteverde.

A empresa asturiana LÁCTEOS MONTEVERDE xa fixera anteriormente atrasos nos pagos, se ben a administración asturiana afirma que hoxe en día semella ser economicamente solvente.

No mes de xaneiro comezaron a chegar facturas nas que hai descontos por "desabastecemento" de 0,15 € por litro. Esta medida significa un desconto de cinco a seis mil euros nas facturas do leite de decembro, cartos que as explotacións perden pola mala xestión das industrias.



José Ramón Cendán trasladou os acordos aos afectados e afectadas en Castro Ribeira de Leas (Lugo)

A día de hoxe, índa quedan sen pagar tres días de xaneiro.

Coma sempre que unha industria ten problemas, son os gandeiros e gandeiras @s que pagan os platos rotos.

O leite é d@s gandeir@s e

débase paga-lo prezo pactado.

Nembergantes, ó non haber contratos é sempre a industria quen chimpas os acordos, repercutíndol nas granxas as súas perdas.

Dende o SLG queremos denunciar a indefensión que

para o sector produtor xeneran estas situacións, que se repiten a miúdo, e que poñen de manifesto a necesidade da existencia de contratos entre ambas partes.

Por outra banda queremos brindar aos afectad@s

(explotacións e transportistas) a nosa disposición e colaboración para conseguir un pago xusto das producións e do traballo.

Esixiremos, polo medio que sexa, que todo mundo cobre o que lle pertence.

Xuntanza co conselleiro delegado da empresa leiteira Monteverde

O pasado 1 de febreiro o SLG reuniuse co conselleiro delegado da empresa Lácteos Monteverde, Enrique López Argiz. Por parte do SLG asistiron Xosé Ramón Cendán (asesor de Relacións Exteriores), Xavier Gómez Santiso (asesor de Sectores Gandeiros), Xosé Luis Cendán Río (membro da Dirección do Leite e afectado) e Margarida Prieto Ledo (coordinadora comarcal do SLG na Terra Chá).

Nesta reunión, a empresa Lácteos Monteverde asegurou que pagaría os cartos retidos en concepto de "sanción por desabastecemento", así coma o importe dos

días que deben do mes de xaneiro.

Nembergantes, se ben afirmaron que este pago se producirá a finais de febreiro, LÁCTEOS MONTEVERDE rexeitou asinar ningún compromiso por escrito.

O Sindicato Labrego Galego transmitiu esta proposta ás afectadas e afectados a fin de que determinen as actuacións que se levarán a cabo.

Neste assemblea, a que acudiron un tercio d@s afectad@s, determinouse agardar até finais deste mes, prazo no que a empresa Lácteos Monteverde se comprometeu a saldar tódolos pagos.



De esquerda a dereita: Enrique López, por parte de Lácteos Monteverde; e Margarida Prieto, Xavier Gómez Santiso, Xosé Ramón Cendán e Xosé Luis Cendán, por parte do SLG

teu a saldar tódolos pagos.

De non ser así, e tras esgotar tódalas vías procedentes, o SLG baraxa a posibilidade de iniciar mobi-

lizacións ou mesmo tomar medidas legais contra a empresa.

Por outra banda, insistimos no feito de que os sindi-

catos haberíamos de procurar unha solución conxunta para o total das persoas afectadas.

COAG e SLG reclaman solucións en Madrid á crise dos sectores gandeiros

Carme Freire encabezou a comitiva de labregos e labregas desprazada para apoiar as mobilizacións

O obxectivo desta manifestación foi reclama-la aplicación de medidas coas que facer fronte á crise dos sectores gandeiros. O incremento nos custos de produción derivou no peche de

numerosas explotacións en todo o Estado nos últimos meses. Gandeiras e gandeiros demandaron en Madrid ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) axudas que impi-

dan o peche de explotacións por perdas. Axudas de mínimos, sanitarias, para a retirada de cadáveres, préstamos sen xuros e a condonación da Seguridade Social.

Unha ampla delegación de gandeiros e gandeiras dos distintos sectores e comarcas da Galiza desprazáronse a Madrid para participaren na manifestación en apoio ós sectores gandeiros na que se xuntaron unhas 10.000 persoas.

Trala reunión mantida nese 23 de xaneiro entre o Director Xeral de Gandeiría, o Xefe de Gabinete do MAPA e o Secretario Xeral da COAG, o SLG agarda que a vontade de negociación se materialice en novas reunións e a aplicación de medidas para paliar a crise do sector.

Esixindo a necesidade de medidas políticas que corrixan a diferenza de prezo existente entre o pagado polo consumidor e o recibido polo produtor (ata un 600%), no encontro cos representantes do MAPA transmitíuselles a necesidade de acadar un verdadeiro desenvolvemento rural para poder vivir do noso traballo.

É preciso elabora-la lexislación oportuna para que isto non volva pasar, unha acción reguladora



A secretaria xeral do SLG interveu ante miles de gandeiros e gandeiras na manifestación

que haberá de concretarse na lexislación de marxes comerciais, de contratos agrarios, etcétera.

Cómpre o establecemento de axudas económicas por parte do MAPA para paliar esta crise, pero a solución real destes vellos problemas só se poderá acadar mediante a regulación pola vía lexislativa

das marxes comerciais, unha lei de contratos agrarios.

Ademais, estas medidas haberán de completarse cun mellor control dos mercados para evitar que se poidan levar a cabo movementos especulativos.

Dada a pouca receptividade do Ministerio a buscar

solucións a este problema o SLG iniciará unha campaña de sensibilización e mobilización en todo o País para reivindicar solucións a esta situación. O Sindicato Labrego Galego apoiou a premisa enunciada pola COAG: "non pararemos ata que isto sexa un problema de Estado".

Unha difícil situación que esixe solucións políticas

Dende o pasado verán, todos os sectores gandeiros experimentaron un aumento dos custos de produción sen precedentes. Esta situación ten como orixe a suba dos prezos dos cereais e do petróleo en cifras próximas ao 50 %.

Os sectores máis afectados foron o cunícola e o porcino, o que está provocando que estas granxas leven meses producindo por baixo de custes, ou o que é o mesmo perdendo cartos, moitos cartos.

Diante desta situación o SLG levamos dende o pasado setembro intentando traballar con estes sectores.

Tras dúas asembleas co sector cunícola en setembro e outubro e unha entrevista coa Consellería de Medio Rural na que participaron produtores de porcino e coellos, obtivéronse as axudas sanitarias a porcino e cunícola (DOG do 15 de xaneiro). A estas alturas son as únicas axudas existentes. Nen préstamos, nen subvencións, nen melloras fiscaís, nen melloras na seguridade social.

O Sindicato Labrego Galego seguiremos demandando do Ministerio de Agricultura axudas que impidan o peche de explotacións por perdas, axudas de mínimos, sanitarias, á retirada de cadáveres, préstamos sen interese para dotar ás explotacións de liquidez, pero, sobretudo, a lexislación necesaria para que esta situación non volte a producirse.

Lidia Senra asistiu a un seminario da Unión Europea sobre o sector leiteiro

A Comisión Europea deu a coñecer neste encontro un informe de mercado dos produtos lácteos así coma unha análise do impacto que terá a desaparición do Sistema de Cotas Lácteas.

O Sindicato Labrego Galego posicionouse novamente na contra dunha liberalización do mercado do leite que provocará novas baixadas dos prezos.

Para o Sindicato Labrego Galego, a nova política lei-

teira na UE deberá estar baseada na produción para o consumo interno europeo.

Cómpre levar o control da produción, así como estipular un prezo mínimo que cubra os custos e o traballo nas explotacións. e nunha redistribución xusta do dereito a producir entre os labregos e labregas en todo o territorio da Unión.

Sen embargo, as propostas europeas materialízanse no aumento progre-

sivo do volume global da cota láctea europea e o desmantelamento total dos controis da produción leiteira. Lidia Senra, como Secretaria de Organización do Sindicato Labrego Galego e representante da Coordinadora Labrega Europea neste encontro, manifesta o rexeitamento total cara as medidas anunciadas solicitando:

- ✖ A existencia dun control da produción leiteira.
- ✖ A redistribución da pro-

ducción con criterios sociais entre labregas e labregos,

- ✖ O establecemento de prezos que aseguren os custos de produción e a remuneración do traballo.

A Dirección Sectorial do Leite do SLG reuniuse o pasado venres 18 de xaneiro para levar a cabo a análise en profundidade das propostas da Comisión Europea e elabora-las liñas de traballo que impidan que estas medidas vaian adiante.

Frouma pon en marcha as Unidades de Xestión Forestal

Mediante esta nova ferramenta estase a procurar a mellora estrutural dos montes galegos

Un dos principais obstáculos que ten hoxe en día o monte galego é a falta de xestión, debida, entre outros moitos factores, á excesiva parcelación da propiedade, á perda de poboación no

rural e ao envellecemento das persoas propietarias dos predios forestais. O estado xeral de abandono do monte trae como consecuencia o aumento do número de incendios, así como unha

maior virulencia dos mesmos. Ademais, supón un desaproveitamento dos importantes recursos que os terreos forestais poden aportar (madeira, froitos, cogumelos, ocio...).

A Asociación Frouma estableceu coma un dos seus fins principais o fomento de iniciativas que melloren a estrutura da propiedade forestal na Galiza, facilitando deste xeito a xestión racional e o aproveitamento sustentábel dos nosos montes.

Unha ferramenta de moita utilidade para a acadar este fin son as Unidades de Xestión Forestal, que permiten a reorganización do espazo forestal.

Son varios os lugares nos que a asociación xa está a traballar, asesorando a propietarios e propietarias particulares que mostraron o seu interese na constitución de unidades de xestión forestal.

Agardemos que o proceso remate felizmente e neste mesmo ano podamos ver as primeiras Uxfor en funcionamento.



As Unidades de Xestión Forestal permitirán a reorganización dos montes galegos, coma este de Negueira de Muñiz

Como vai ser o funcionamento das novas Uxfor?

O programa de creación e seguimento de Unidades de Xestión Forestal (UXFOR) que FROUMA desenvolverá no territorio galego terá unha duración de dous anos.

En primeiro lugar, realizaranse unha serie de reunións informativas nas que se exporá con claridade que é unha unidade de xestión, así como os pasos a dar para a súa constitución.

Unha vez que propietarios e propietarios forestais cheguen a acordo para crear unha Uxfor, o persoal técnico de Frouma encargárase de realizar o asesoramento técnico que se precise: documentación a aportar, prazos que cumprir, lexislación aplicábel...

Ademais, redactará os instrumentos de xestión específicos que obrigatoriamente deben ter as unidades de xestión forestal (plans de ordenación, plans de xestión, etcétera).

Seguimento continuado

Rematado o proceso de creación da Uxfor, o equipo técnico de Frouma realizaría un seguimento de dita Unidade de xestión, comprobando as posíbeis eivas e problemas que puideran xurdir e tratando de atoparlles solución.

Ao remate de cada ano de vixencia do programa, procederáse á publicación dos resultados máis salientábeis do proceso de constitución e posterior posta en funcionamento das Uxfor.



A revitalización do monte galego é fundamental para o seu mantemento e disfrute

Trátase de realizar unha pequena "guía" que poida servir para solventar os problemas que podan xurdir na constitución de novas unidades de xestión, así co-

mo facilitar a xestión das que estean funcionando.

Frouma agarda que as unidades de xestión forestal se sexan unha ferramenta útil e práctica na revital-

ización das zonas rurais nas que a perda de poboación e o abandono das actividades agrarias son a tónica xeral, traendo graves consecuencias para o medio.

Xuntanza na Consellaría de Sanidade pola Lei do Botellón

O SLG é o único sindicato agrario que acudiu á reunión, celebrada o pasado 18 de xaneiro

A Consellaría de Sanidade está a elaborar unha lei galega que substitue á frustrada "Lei de Medidas Sanitarias para a Protección da Saúde e a Prevención do Consumo de Bebidas Alcohólicas por Menores", a cal non pasou de

ser un anteproxecto da Ministra Salgado debido ás mobilizacións e presións do sector do viño, nas que participou o SLG. O pasado 18 de xaneiro tivo lugar unha xuntanza coa Consellaría por mor da "Lei do Botellón"

O Responsable do Viño do SLG, Manuel Docampo Paradelo acudiu á xuntanza con Victor Pedreira Crespo, Subdirector Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias.

Neste encontro, Manuel Docampo puxo enriba da mesa aquelas cuestións que son fundamentais na defensa do sector do viño que se poden resumir en:

■O viño é un alimento segundo a Lei da Viña e o viño e debe ser tratado como tal.

■O viño ten que ter unha consideración especial en relación con outras sustancias que conteñen alcohol, xa que forma parte da nosa cultura e tradición, da



Galiza produciu 1.599.800 hectolitros de viño en 2006-2007

nosa gastronomía, da nosa economía e da nosa paisaxe.

■O viño bebido con moderación é beneficioso para a saúde, polo que unha cousa ten é o consumo responsable e outra diferente o consumo abusivo ou indebido.

■O viño baixo ningún concepto pode ter consideración de droga.

■A cultura do viño, baseada no disfrute e na recreación de todos os rasgos e características organolépticas, é contraria ao xeito de con-

sumir impulsivo que só pretende a embriaguez, polo que en contraposición á barbarie debemos educar na cultura do consumo do viño de calidade con moderación.

■O viño non é o culpable do alcoholismo na xente moza, está demostrado que os consumidores de viño superan os 40 anos e que a xente nova gústalle as bebidas doces mesturadas con destiladas.

Dende o SLG advertimos de que o sector do viño é moi sensible a calquera medida que poda lesionar o nosos intereses nun momento delicado, de baixada de consumo e de agresión ao noso modelo por medio da OCM.



Xornadas de presentación de viños galegos en Pontevedra

Do 26 de decembro ao 4 de xaneiro o Sindicato Labrego Galego desenrolou en Pontevedra unha campaña de promoción dos viños galegos.

Á presentación destas xornadas correu a cargo da secretaria xeral Carme Freire e contou coa asistencia de responsábeis da Consellaría de Medio Rural e do Concello de Pontevedra.

O SLG quixo dar unha introducción ao coñecemento dos nosos caldos das diferentes Denominacións de Orixe, como Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei, así como os viños da Terra de Betanzos e do Barbanza.

As xornadas asistiron tamén representantes das principais adegas e Denominación de Orixe de Galiza.

Se ben nun primeiro momento o obxectivo foi beber os nosos viños e coñecer-lo traballo colectivo das adegas, cooperativas, así como coñecer-la arte individual de afamados colleiteiros, o SLG pretendeu tamén enriquece-lo sentimento de apego cara nosa cultura.

Os nosos caldos son in da descoñecidos para moita xente do País, como consecuencia do noso desarraigo agrícola e as abafantes modas da globalización.

Por fortuna, temos recuperado as nosas castes, e séguense plantando viñas e saen ao mercado viños que reinventan a modernidade desta cultura feita arte.

Xuntamos así o valor alimentario coa sofisticación dos gustos cada vez máis variados dos novos viños de calidade autóctona.

A cultura da oliveira voltará a Valdeorras da man do SLG

O SLG, por medio da Asociación de Viticultores do Sil, asinou un convenio coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a recuperación da cultura e da economía da oliveira na comarca de Valdeorras.

Máis de 20 viticultores e viticultoras participaron desta iniciativa e comprometéronse a plantar e traballar máis de 12 hectáreas de superficie da súa propiedade. As plantacións serán extensivas e ecolóxicas.

Esta iniciativa pretende volver a introducir a oliveira para a produción de aceite coma complemento á viticultura e á castaña, aumentando deste xeito a renda das nosas labregas e labregos cunha actividade totalmente compatíbel coas outras dúas.

A medio prazo -5anos- os produtores/as que o desexen formarán unha cooperativa para a elaboración e comercialización do

aceite procedente das súas plantacións, tendo tamén a posibilidade de vender as súas producións ou crear muíños de aceite particulares e asociarse nunha cooperativa de segundo grao para o embotellado e comercializacións.

Tamén estamos a traballar na identificación das nosas variedades autóctonas -a día de hoxe temos constanza de dúas variedades sen catalogar- e na plantación dunha finca experimental para a recuperación destas variedades antigas propias de Galiza.

Para todas estas labores contaremos cun/ha técnico/a. Asemade, organizaremos viaxes e cursos de formación na práctica da olivicultura.

Xa en marzo do 2007, o SLG organizou un destes cursos en Valdeorras, nos que se produciu aceite en Valdeorras e Quiroga a partir de variedades autóctonas.

Xornadas de cata e Castrelo de Miño e Monterrei

Nestes últimos meses o SLG realizou dúas xornadas de cata, unha na comarca de Monterrei e outra na comarca do Ribeiro.

No Ribeiro, o curso tivo lugar no Club Náutico de Castrelo de Miño. Realizouse dende o día 11 ó 14 de decembro de 2007, dentro dun curso financiado polo Forcem estatal.

Dous días adicados á elaboración de viños brancos e tintos impartidos por José Martínez Juste.

As dúas xornadas seguintes adicáronse á iniciación na cata de viño, onde se probaron viños das catro denominacións galegas e doutras zonas da Península. Esta xornada foi impartida por Francisco Núñez Sánchez.

Está previsto realizar unha viaxe formativa a Monterrei, na provincia de Ourense, para visitar viñedos en agricultura ecolóxica e en produción integrada de afiliados e colabo-

radores do SLG.

Na comarca de Monterrei organizouse tamén unha xornada de iniciación á cata de viños o día 19 de xaneiro financiado por "Plurirrexional".

Nesta ocasión, o encargado de impartirlos coñecementos precisos foi Francisco Núñez Sánchez.

Pola mañá deuse unha explicación de como se debe facer unha cata de viños, os sentidos que interveñen e conceptos básicos na cata.

Tamén probaron viños brancos das distintas denominacións galegas.

Despois do xantar e a tarde adicouse á cata de viños tintos de tódalas denominacións e tamén doutras de fóra do País.

Participaron quince persoas e tivo moi boa acollida, a xente mostrou moito interese por coñecer e valorar distintos tipos de viños: viños xoves, en barrica, de crianza, etcétera.

Francia veta o transxénico máis común no Estado Español

O MON 810 foi recentemente prohibido no país veciño por mor dos seus efectos nocivos na agricultura

O Estado español é líder europeo no cultivo do millo transxénico MON810, deseñado pola multinacional Monsanto e aprobada pola Unión Europea no ano 1998. Impulsados no seu momen-

to polo PP, o Ministerio de Agricultura socialista proseguíu coa política de promoción de transxénicos. Pese a reticencia doutros países e ás normativas europeas, o Estado permitiu ata

2005 o cultivo a grande escala de Organismos Xenéticamente Modificados (OXM's), aprobándose en xullo dese mesmo ano a plantación de 15 novas variedades de millo transxénico.

O Goberno francés vén de suspender o cultivo do millo transxénico máis utilizado no Estado español: o MON810.

O transxénico é unha planta á que se lle alteran os xenes para que adquira novas características.

Neste caso, produce unha toxina que ataca ó "taladro", a praga máis común no millo.

Segundo estudos científicos recentes, este millo ten efectos non desexados sobre o medio ambiente, precisándose de novos estudos pra alcanzar a coñece-lo seu impacto na saúde humana.

O estudo do Goberno francés resalta que hai posíbeis efectos tóxicos adversos a largo prazo sobre lombrices, isópodos, nemátodos e mariposas monarca.

O informe demostra que a toxina que produce o millo transxénico MON810 aparece na cadea trófica, porén, acaba afectando ós insectos para os que na teoría non debería ter actividade.

No documento párase tamén na falla de estudos sobre os efectos da toxicidade a longo prazo nas persoas, así como da persistencia da toxina no medio ambiente.

Con esta decisión, Francia prosegue a guerra contra os OXM's (Organismos Xenéticamente Modi-



Manifestación na contra dos OXM's convocada por Vía Campesina no anti-G8 Alemaña 2007

ficados), baseando a súa decisión na revisión científica.

Contaxio de cultivos

O comité científico asegura que, a día de hoxe, con datos que non se tiñan no ano 1998, demostrouse que a dispersión do polen pode alcanzar distancias quilométricas.

Isto avala unha das alegacións que dende moitas organizacións levamos tempo solicitando: a coexistencia é imposible, non se pode garantir que non se produza polinización cruzada.

A este respecto, organizacións ecoloxistas publicaron no 2006 o informe "A imposible coexistencia", analizando a presenza de

cultivos transxénicos dende a súa implantación no Estado Español no 1998.

Se unha planta de orixe tranxénica poliniza unha tradicional, isto pode arruinar ás labregas e labregos que traballamos con variedades locais e afecta directamente ó sector ecolóxico.

Ó adoptar esta decisión, Francia acóllese á Cláusula de Salvagarda da Directiva Europea sobre Transxénicos 2001/18.

Dita cláusula fixa que se un estado dispón de nova información que revela que un transxénico supón riscos para a saúde humana e o medio ambiente, poderá restrinxir ou prohibir provisionalmente no seu territorio

o uso ou a venda do mesmo.

Austria, Hungría e Grecia, atópanse tamén baixo esta cláusula na súa actitude con respecto á presenza do millo tranxénico MON810 nas súas terras.

Mobilizacións labregas

A presión dos movementos sociais e labregos do Estado francés axudaron a tomar a decisión que levou á prohibición total do MON810.

Tradicionalmente en Francia, a oposición a ditos cultivos esta xeralizada, chegando nesta negociación a estar o líder campesiño Xosé Bove en folga de fame ata que se tomou unha determinación.

Unha Unión Europea modificada xeneticamente

A industria biotecnolóxica comezou a solicita-la introducción de produtos modificados xeneticamente en Europa a comezos da década dos '90.

Dende o ano 2002, e d'accordo coa directiva europea 2001/18/CE, unha compañía que pretenda poñer no mercado un Organismo Modificado Xenéticamente deberá de presentar previamente unha solicitude á autoridade competente do Estado europeo no que o produto vai se comercializado por primeira vez.

De ser aprobada, a Comisión Europea informa ó resto de Estados membros.

Se nin estes nin a Comisión presentan obxección ningunha, o produto pasa a poderse comercializar no conxunto da Unión Europea.

Perante destas solicitudes, varios estados membros invocaron a denominada Cláusula de Salvagarda.

Devandita cláusula permite ós Estados membros restrinxir e mesmo prohibi-lo emprego ou venda dun Organismo Modificado Xenéticamente no seu territorio.

Declaración contra o uso de OXM en agricultura

O SLG asinou no seu momento a *Declaración da Sociedade Civil contra o Uso de Transxénicos na Agricultura e Alimentación*. Nesta declaración, máis de 300 investigadores/as e representantes da sociedade civil asinaron na contra dos transxénicos. Ecoloxistas, agricultoras/es e científicos@s corroboran as ameazas dos organismos modificados xeneticamente para a saúde e o medio ambiente.

Podedes ter acceso a dita declaración no voso local comarcal.

Dende o Sindicato Labrego Galego criticamos que no Estado español haxa autorizadas actualmente 55 variedades deste millo, atopándose no ranking coma terceiro estado produtor despois de EEUU e Arxentina.

Pedimos ó Goberno que free ditos cultivos, facemos un chamamento á cidadanía e ó noso Goberno en concreto para que se posicione claramente na contra dos cultivos transxénicos no noso País, e poña a vontade de incluír á Galiza na Rede de Zonas Ceibes de Transxénicos.

Coma labregas e labregos podemos ter parte activa nesta loita. Para iso, pedímosvos que asinedes no voso local a *Declaración de Explotación Ceibe de Transxénicos* como xeito de facer presión no noso País e mantelo limpo de organismos manipulados.

Co voso apoio por escrito, poderemos usar dita ferramenta nas negociacións pertinentes e lograremos que Galiza sexa incluída dentro da *Rede de Zonas Ceibes de OXMs*, onde xa se atopan Euskal Herria, Asturias e Illes Balears.

Centos de persoas apoiaron a concentración a prol do aborto

Abortar en Galiza non é un dereito nin nos supostos previstos na Lei

Neste mes de xaneiro, centos de mulleres volveron a reivindicar nas rúas o dereito ao aborto gratuíto e na rede pública, así como que se avanza, ao igual que acontece noutros

países europeos, no procesos de despenalización do aborto. Moitos deles teñen na actualidade leis de prazos. Namentras, na Galiza, mesmo existen dificultades pra aquelas mulleres que,

baixo os criterios estipulados legalmente, deciden a interrupción do seu embarazo. Malia que cambian os tempos, as mulleres inda non son ceibes de decidir sobor do seu corpo.

En Galiza reivindica-la legalidade do aborto cobra inda máis sentido, posto que a maioría das mulleres son enviadas a Madrid ou ben derivadas a clínicas privadas, mesmo nos supostos legais admitidos.

Moitas mulleres presentes nas mobilizacións amosábanse incrédulas de que no ano 2008 se visen na obriga de ter que loitar contra as mesmas posturas reaccionarias que hai trinta anos cuestionaban o dereito das mulleres a decidir sobre a súa sexualidade e que, na actualidade, están a cobrar novas forzas no mesmo sentido.

O caso da muller embarazada de Santiago que despois dunha amniocentese descubriu que o seu feto tiña graves malformacións no ano 2007, e que dende a rede sanitaria públi-



A Secretaría das Mulleres apoiou a concentración pola legalización do aborto (Compostela)

ca lle comunicaron que tiña que desprazarse a Madrid para interromper o embarazo, puxo de actualidade a odisea que deben enfrontar centos de mulleres galegas cada ano.

Máis de vinte e cinco anos despois de que na Lei Orgánica 9/1985 se admitise a despenalización do aborto para unha serie de supostos como o perigo para a saúde da embarazada, que o

embarazo sexa consecuencia dun delito de violación ou que o feto puidese nacer con graves taras físicas ou psíquicas, como no caso da muller compostelá; a realidade é que na rede pública

galega a maioría dos médicos decláranse obxectores para non practicar os abortos, que algúns deles despois realizan na sanidade privada.

José Luís Doval, que hai dous anos era o único especialista que realizaba interrupcións na rede sanitaria pública de Galiza, denunciaba en medios de comunicación a dobre moral do sistema, que facía que a maioría das interrupcións se levaran adiante na sanidade privada e previo pagamento, no mesmo sentido que se manifestaba unha traballadora dun COF galego, quen argumentaba cómo no ámbito privado desaparecían os problemas de conciencia que algúns sanitarios tiñan nos hospitais públicos (El País, 17 de febreiro de 2007).

Denuncia das deficiencias no servizo de xinecoloxía do centro médico de Vilalba

Isabel Villalba, Titular de Secretaria de Servizos ao Rural da Executiva do Sindicato Labrego Galego e Responsable da Secretaria da Muller, e Margarida Prieto, Coordinadora Comarcal da Terra Cha, reuníronse o martes 22 de xaneiro con Miguel Ángel Fernández López, Director Xerente do Complexo Hospitalario Xeral-Calde.

Tralo encontro, o SLG constata o recoñecemento por parte da executiva hospitalaria das graves deficiencias existentes no servizo de xinecoloxía do Punto de Atención Continuada (PAC) de Vilalba.

Miguel Ángel Fernández López recoñeceu unha evidente falla de recursos humanos e materiais que se es-

taría vendo intensificada trala baixa de tres facultativos da especialidade de xinecoloxía ós que, segundo o xerente xeral, inda non foi posible topar substitut@s.

Recoñeceu tamén a anulación sen data de recuperación das citas correspondentes ás consultas destes tres facultativos, asumindo que, a día de hoxe, estase dando prioridade a aquelas mulleres ás que xa se lles detectou unha situación de risco anteriormente, obviando a realización dos controis periódicos do resto de mulleres co conseguinte risco para súa saúde.

Dende o SLG non se cuestiona a capacidade de xestión dos recursos exis-

tentes por parte do Director Xerente, xa que carecemos dos datos pertinentes para realizar esa análise.

Malia todo, consideramos que unha cuestión coxuntural, neste caso a baixa de tres traballadores, está a revelar graves deficiencias existentes no sistema sanitario público galego.


Carencia de profesionais

Porén se ben se constata a necesidade de incrementar o orzamento destinado á Sanidade, nesta situación semella existir tamén un problema de fondo vinculado ó mercado laboral.

Ante a imposibilidade por parte do Director Xerente do Xeral-Calde de topar persoas que cubran ós profe-

sionais que se atopan de baixa, o Sindicato Labrego Galego cuestiónase o porqué do desprazamento voluntario de facultativ@s cara países coma o Reino Unido ou Portugal nestes últimos anos existindo na Galiza, ó parecer, unha demanda de especialistas médicos que a administración non acada a cubrir.

Por último, o Sindicato Labrego Galego advirte que a falla de calidade no sistema sanitario público, abocará ás usuarias á necesidade de acudir á sanidade privada, circunstancia inaceptábel nun suposto Estado do Benestar, no que sanidade e educación deberían ser os pilares máis importantes.



AXUDAS PERIÓDICAS DE APOIO A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO.

*O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de novembro de 2008.
DOG 22 DE XANEIRO DE 2008

AXUDAS DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE PROBAS PARA DETERMINAR A CALIDADE XENÉTICA E O RENDIMENTO DO GANDO VACÚN LEITEIRO E Á REALIZACIÓN DE TÉCNICAS OU PRÁCTICAS INNOVADORAS NO ÁMBITO DE CRÍA DE ANIMAIS DA RAZA DE GANDO VACÚN FRISÓN.

DOG 24 DE XANEIRO DE 2008*O prazo de presentación de solicitudes rematará o 25 de febreiro de 2008.

O MAPA PUBLICA A DISPONIBILIDAD DE DEREITOS DE PRIMA DA RESERVA NACIONAL PARA O SEU REPARTO ENTRE PRODUTORES QUE MANTEÑAN VACAS NODRIZAS E OVINO E CABRÚN

*O prazo de presentación de solicitudes de dereitos de prima de vaca nodriza e de ovino e cabrún rematará o 27 de febreiro de 2008.
BOE 26 DE XANEIRO DE 2008

AXUDAS DO IGAPE PARA TITULARES DE EXPLOTACIÓNS GALEGAS DE GANDO PORCINO E CUNICULTURA.DOG 17 DE XANEIRO DE 2008. *Pódense solicitar ata o 31 de marzo

AXUDAS DESTINADAS AO APOIO DAS EXPLOTACIÓNS PORCINAS E CUNÍCOLAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS TENDENTES Á MELLORA DA CALIDADE DAS PRODUCIÓNS. DOG 15 DE XANEIRO DE 2008

*O prazo de presentación de solicitudes rematará o 16 de febreiro de 2008.

AXUDAS PARA O FOMENTO DA PRIMEIRA FORESTACIÓN EN TERRAS NON AGRÍCOLAS

*O prazo de presentación de solicitudes rematará o 8 de marzo.
DOG 7 DE FEBREIRO DE 2008

PAGOS DIRECTOS Á AGRICULTURA E Á GANDARÍA, DA INDEMNIZACIÓN COMPENSATORIA E SE CONVOCAN AS AXUDAS PREVISTAS NO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN SUSTENTABLE.

*dende o 1 de febreiro ata o 30 de abril.
DOG 1 DE FEBREIRO DE 2008

AXUDAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DE LOBO AO GANDO

*A presentación de solicitudes rematará o 15 de febreiro.DOG 15 DE XANEIRO DE 2008

AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS PRODUCIDOS POLO LOBO

*As solicitudes de axuda correspondentes aos danos producidos entre o 1 de outubro de 2007 e o 31 de decembro cursaranse ata o 20 de febreiro de 2008.

DOG 14 DE XANEIRO DE 2008



INDEMNIZACIÓNS POR SACRIFICIO OBLIGATORIO DE GANDO NOS PROGRAMAS DE CONTROL E ERRADICACIÓN DE ENFERMIDADES ANIMAIS. DOG 25 DE XANEIRO DE 2008

*Pódense solicitar durante todo o ano

AXUDAS PARA O FOMENTO DOS SISTEMAS DE PRODUCIÓNS AGRARIAS SUSTENTABLES A TRAVÉS DA IMPLANTACIÓN DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN SUSTENTABLE (CES).DOG 1 DE FEBREIRO DE 2008

O prazo para a presentación da solicitude unificada empezará o día 1 de febreiro e finalizará o día 30 de abril

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Tractor CASE DT de 95 CV, con 600 horas. Bo prezo.
Chamar ao 639 627 403

Véndese

Desensiladora de bocado McHALE, de tres botellas.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

Herba seca en rulos de boa calidade. No Deza.
Chamar ao 666 667 445

Véndese

Desbrozadora lateral hidráulica.
Chamar ao 689 752 400

Véndese

Tractor FIAT F-110 con pa.
Chamar ao 657 955 300

Véndese

Abonadora marca AGUIRRE de 500 quilos. En bo estado.
Preguntar por Manuel no teléfono 626 334 770

Véndese

-Remexedora de zurro con botella hidráulica.
-Autocargador pequeno.
-Segadora autopropulsada de peite BCS.
-Arado de dúas vertedoiras.
-Ensiladora de millo de un rego.
Preguntar por Serxio no teléfono 657 103 467

Véndese

-Poldro dos pés, para vacas.
-Grade rotativa.
Chamar ao 669 839 647

Véndese

Porcos cebados de maneira tradicional. En Vilalba.
Chamar ao 982 525 133

Véndese

Cisterna de 3.000 litros, marca CARRUXO.
Chamar ao 982 502 280, a partir das 10 da noite.

Véndese

Vacas frisonas próximas ao parto.
Chamar ao 981 605 270

Véndese

2 xatas de raza Asturiana dos Vales, e unha Rubia Galega.
Chamar ao 982 391 008

Véndese

Remolque agrícola en bo estado, preparado para rulos.
Chamar ao 626 334 770

Véndese

Galiñas de Mos.
Chamar ao 982 502 214

Véndese

Circuíto de muxido GASCOIGNE de 4 puntos, lavado automático, 26 metros de tubo.
Chamar ao 669 808 644

Véndese

Tractor NEW HOLLAND modelo TM 120, de 124 CV e 650 horas de traballo.
Preguntar por Carlos no teléfono 659 886 492

Véndese

Vacas de carne preñadas, con cría ou sen ela. En Teixeira.
Chamar ao 653 781 267

Véndese

Furgoneta PEUGEOT Partner en bo estado, con gancho de remolque e a ITV pasada.
Chamar aos números de teléfono 981 788 575 e 690 619 241

Véndese

Xato de tres meses para semental. Procedente de transferencia de embrións da UTE de Gandería CID, de Barreiros.
Chamar ao mediodía ao teléfono 982 156 318

Véndese

Herba seca en rulos deste ano.
Chamar ao 981 695 588

Véndese

Touro de raza Cachena de cinco anos. Manso e tranquilo.
Preguntar por María Casal no teléfono 986 682 423

Véndese

-Circuíto de muxido GASCOIGNE de 3 puntos e lavado automático.
-Tanque de frío.
Chamar ao 620 306 456

Véndese

-4 lamias (llantas) marca MOMO de 5 buracos, montadas en cubertas de coche.
-4 rodas novas de lamia 15.
-Empacadora marca FIAT, modelo pequeno.
-Autocargador MERLINI con documentación.
-Pico hidráulico.
-Remolque de tractor de roda ancha, con laterais altos e ferros adaptados para levar os fardos de herba.
-Coche AUDI 80 1.8 a gasolina.
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260

Véndese

Autocargador de 30 m³, con eixe tándem e descarga hidráulica.
Chamar ao 667 877 125

Véndese

Herba seca en rulos.
Chamar ao 981 681 103

Véndese

Vacas de carne e porcos cebados en Arzúa.
Chamar ao 626 315 059

Compra - Venda - Troco

Véndese -Grada rotativa de 250x250. -Abonadora BICOM. -Jhonder 818 Chamar ao 628 071 424 Véndese Circuito de ordeño usado. Chamar aos teléfonos 982 18 70 81 ou 690 17 65 77 Véndese Todo-terreo PATROL GR. Bo estado. Particular. Chamar ao 676410981 Véndese Novillas frisonas próximas ao parto, con carta e en control leiteiro. Preguntar por Antonio nos tifs 981 19 69 19 ou 610 962 132 Véndese Sementadora de millo. Marca MONOSEN de 4 liñas, mecánica e en moi bo estado. Preguntar por Jesús no teléfono 699 458 019 Véndese Becerras dun ano da zona de Lalín. Raza Cachena. Mansas. Chamar ao 605 897 352 Véndese Rebaño de vacas de raza Caldelá. Chamar ao 679 962 507 Véndese Cisterna de 8.000L. Marca GALARI. Eixo direccional. Ballesta na lanza. Chamar ao 693 36 55 51 Véndese CASE DT de 95 CV Chamar ao 639 629 403 Véndese Invernadeiro de 44m.x10m. Completo. Con rego. Reformado. En Paderne Chamar ao 676 97 05 04 Véndese Novillas LIMUSÍN, próximas ao parto. Chamar ao teléfono 629 308 667 Véndese Dispensador moderno, de combustible. Depósito de 2.000 L. Un ano de uso. 500 euros. Chamar ao 650 911 778 Véndese Rolos de herba ensilada. Preguntar por Josefa no número 646 462 785	Véndese Arado de 4 vertedeiras semiautomático. 450euros. Chamar ao 690 828 935 Véndese Sulfatadora de 400L. de capacidade. Chamar ao 620 733 660 Véndese -Casa de pedra con 5 ferrados de terra, carballos e castiñeiros. Situada en Friol (Lugo) -Tanque de 1000L. marca PACO. -Sala de ordeño GASCOINE seminova cpm 5 puntos e pul-sadores orixinais Preguntar por Ángel no 982 375 158 Véndese Sementadora de patacas de 2 surcos ata os 75 cm. Depósito de insecticida en liña. A Limia Chamar ao 650 01 92 75 Véndese 5 dereitos de vacas nodrizas Chamar ao 629 81 04 23 Véndese Vacas de carne por abandono. Santa María (Arzúa) Cahamar ao 626 31 50 59 Véndese -Rolos de herba seca e silo n'A Fonsagrada Chamar ao 686 274 022 Véndese Vacas rubias marcadas. Chamar ao 689 752 400 Véndese -Tractor internacional 685 -Rotativa Deutz Fahr 1.90 -Pinza Tenías -Sala de muxido -Catro puntos Westfaliza, con lavado automático -Carro con enganche a tractor. -Tanque de semen -Silo de penso de 5.000Kg. -Pincho de rolos -Herba seca e silo -Cachorro Golden Retriever Chamar ao 618 11 51 19 Véndese Herba seca en rolos Chamar ao 699 71 94 84 Véndese 35 ovellas. Con dereitos. Chamar ao 686 78 41 78 Véndese Citroën XANTIA M6221 BBY. A gasóleo Chamar ao 629 41 19 79	Véndese Pala marca BMH Chamar ao 666 009 080 Véndese -Dúas neveiras de carnicería -Mezcladora de carne -Báscula (dá tickets) Preguntar por Luís no tlf 645 217 837 Véndese -JOHN DEERE 818 -Rotoempacadora DEUTZFAR 1.50 -Graderotativa 2.50 Preguntar por Fernando no tlf 628 071 424 Véndese Rolos de herba seca. Pedrafitas. Chamar ao 982 161 325 Véndese Mel natural de colleita propia, procedente de néctar de flores de carpazas, silvas e castiñeiro principalmente. Da comarca de Deza (LALÍN). Servimos tanto a particulares como a comerciantes. Prezo: 5 €/ kilo. Tamén asesoramos a abelleiros pouco experimentados. Chamar ao 986.781.834 ou ben escribir a melpajaro@hotmail.com Véndese Tanque de leite ALFA LAVAL de 2.100 litros e 2 muxidos. En Abellá (Frades). Preguntar por Modesto no 649 626 231 e 665 086 362 Véndese -Catro lamias (llantas) de marca MOMO, de cinco buratos montadas en cubertas novas. -Catro rodas de coche, de lamia 15. -Autocargador MERLINI con documentación. En Paradela de Sarria (Lugo). Chamar ao 610 258 060 Véndese -Estrulladora e bomba para trasfegar viño, ambas trifásicas. -Estufa de leña. Preguntar por Xulio no número 636 900 607 Véndese Mitsubishi Montero 2.800. Particular. En moi bo estado. Chamar ao 676 970 504 Véndese Cuba de madeira en bo estado. Chamar ao 982 172 663 entre as 2 e as 3 da tarde.	Véndese Empacadora VICON 404. Chamar ao 982 302 390 Véndese -Rotativa de 2 puntos de 1'85. -Cisterna galvanizada de 3.000 litros. Chamar ao 676 739 142 Véndese Remolque agrícola de 7.000 quilos, marca ANDO, en bo estado, con baldeira e balderín, ITV pasada. Ten 1 eixo e rodas de 18 lonas. Chamar ao 610 537 699 Véndese Tractor PASQUALI de 22 CV. En bo estado. Revisado. Prezo: 6.000 euros. Preguntar por Manolo no teléfono 988 404 034 Véndese Carro das vacas. Chamar a partir das 10 da noite ao 981 196 673 Véndese Autocargador CALAGRI. Chamar ao 609 146 788 Véndese -Sala de muxido marca MANUS, con retiradores e medidores volumétricos. Bo prezo. -Tanque de frío marca FON-SERET, de 2 muxidos. Chamar ao 620 062 581 Véndese Tractor de 100 CV con 4.000 horas de traballo. Prezo moi económico. Chamar ao 636 096 079 Véndese Tanque de 650 litros con dous motores. En Lugo. Chamar aos números de teléfono 660 688 876 e 982 175 675 Véndese -4 ovellas e un carneiro de raza Merina. - Vaca preñada de sete meses de raza Rubia Galega. Todo saneado. Preguntar por Primo no teléfono 982 144 112 Véndese Viño da DO Rías Baixas da Cooperativa Moraima, en Barro. Chamar aos números de teléfono 986 711 206 e 679 400 756 Véndese ou alugase Nave de 33 vacas en Chantada. Chamar aos números de teléfono 982 441 505 e 687 082 210	Véndese Sulfatadora de 1.000 litros con marcadores de espuma. Chamar ao 690 828 935 Véndese Xovencas frisonas con carta, próximas ao parto. Chamar ao 608 879 938 Véndese -Circuíto de 4 puntos seminovo, en moi bo estado. -Tanque de frío de 650 litros. -Quentador de auga de 100 litros. -Desensiladora. -Tractor 470. Chamar ao 981 727 501 Véndese Por peche de explotación: -Carro mesturador vertical de 12 m³, coitelas hidráulicas, cinta alimentadora desprazable a ambas bandas e pé hidráulico. Pouco uso. -Tractor MASSEY FERGUSON
--	--	--	--	---

COMPRAS

8.120 Dyn assift, de 150 CV, con 2.000 horas e primeiras rodas.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de 6 puntos, medidores volumétricos e programador de lavado.
Chamar ao 608 879 938

Véndese
Xovencas frisonas.
Chamar ao 667 877 125
Mécase
Fresa de 1'20 para BJR.
Preguntar por María Xesús no teléfono 699 348 754

Mécase
Pa EBRO 470 ou tractor con pa.
Chamar ao 629 411 979
Mécase ou alugase
Terreo para usos agrarios nun radio de 10 quilómetros de Teixeira.
Chamar ao 653 781 267

Mécanse
Dereitos de vacas nodriza. Zona A Limia
Chamar ao 988 40 72 54
Mécase
Tractor de 90 ou 95 CV en bo estado.
Chamar ao 659 341 116

OUTROS

Búscase
Traballador ou traballadora para unha explotación de leite en Teixeira. Boas condicións.
Chamar ao 653 781 267
Arréndase
Propiedade con instalacións e vivenda en Lugo. 20 hectáreas.
Chamar ao 661 208 020
Alugase
Nave en Cospeito (Lugo)
Chamar ao 618 115 119

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Nova mocidade emprendedora

Nova sabedoría do rural



Hai moito máis que innovación, produción e calidade.
Hai moito máis que boas oportunidades para a
mocidade que elixe traballar no novo rural.
Hai outra filosofía de vida... unha nova sabedoría.
E ti... se sempre volves ao rural...
Por que non ficas a traballar nel?



novas axudas
á incorporación da mocidade á
actividade agraria
e mellora das explotacións

<http://mediorural.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Infórmate e establécete no rural